

# O RONSEL DA ESTRELA

Teño poucas ganas de escribir sobre o Nadal. Son demasiadas as esceas crueis desfilando polo calendario máis recente da memoria: corpos mutilados, mortos en tódolos recunchos, violencia, pobreza, horror. Os nenos do silencio saharauís, os fillos do deserto e do esquecemento, cos ollos abertos como pratos, contemplan toda a miseria. Os sen terra nin pan, os meniños da rúa, os perdidos nas cidades labirínticas, os herdeiros das guerras. Pavorosas guerras destruíndo o misterioso Bagdad (iso si, televisado) para anegar de sangue “As mil e unha noite”, tingindo as alfombras máxicas dos soños, esnaquizando os marabillosos contos ata convertelos en farrapos fantasmagóricos e dolorosos pesadelos. A metralha fraticida nos Balcáns, resoando en Kósovo. Centroamérica arrasada e un longo e tráxico etcétera... Sen ir tan lonxe os dramas que a diario nos rodean, esas luces cegadoras deitando sombras de odio e morte por mor dos herodes que viven nesta era, cuando precisamente se cumplen os 50 anos (¿vudas de ouro ou de sangue?) da Declaración dos Dereitos Humanos ¡macabra ironía!

Cáeme a alma ós pés, non teño ningunha gana de falar do Nadal, aínda que cada vez sexa máis necesario, por iso hai que seguir esculcando na voz da esperanza á procura dunha raiola no corazón do inverno: o pasado 21 de decembro, unha mañanciña fría, xélida pero luminosa e diáfana achegámonos desde as terras da Mariña, cos nenos de Viveiro, ata o medio da Chairea para presenciar e alenta-lo remol do milagre da vida. Atravesando a serra vimos unha parella de corzos

brincando nunha veiga que lindaba co monte, tenra estampa nos ollos dos nosos rapaces (perto de cen) que despois ficarían fascinados diante do belén. Alí repararon nas moitas figuras, sobre todo nas móbiles, que recreaban os labores comunitarios, os oficios e os traballos da aldea, en harmonía. Repararon no castelo de Herodes, malvado e soberbio, na auga clara do río, nos peixes de cores e comentaban ¡son de verdade! ¿cantas cousas hai no mundo de verdade? Estaban impacientes porque non viñan os Reis. Don Xesús dixo: ¡Terán que vir de noite! Escureceu e apareceu o anxo na noite dos lóstregos e a Estrela branca e grande sinalando o lugar e unha exclamación voou coma un canto de abraio seguida dun murmurio de compracencia: ¡Aí veñen, mirade!

Amenceu co resplandor dos cumes nevados e o gozo do pobo que iluminou o rostro dos nenos. Daquela pensei: pagou a pena, este sopro de felicidade,

cidade, de inocencia. Reflexionei: cómpre mudalo estado das cousas, moita xente está disposta. Hai que esperta-la sensibilidade, a conciencia social para que a paz e a liberdade gobernen as nosas vidas. O espírito do Nadal ten ainda sentido, máis aló ou mellor máis acó dos tópicos, da evasión, do consumismo que nos consume en compromisos baleiros, ese frívolo envoltorio que camufla a realidade.

Case douce mil anos despois temos que segui-lo camiño paseniño, sen nos perder, non pasar de presa nin de esguello, deténdonos a miúdo nas cousas sinxelas e non da-las costas ós problemas.

O longo ronsel da Estrela de Belén guíanos coa luz que borra tódalas sombras e ábreños as portas do terceiro milenio enchendo de Amor cada fogar, de Norte a Sur, de Oriente a Occidente, de Xudea a Galicia... de Belén a Begonte.